

# Libro oito da Eneida de Virxilio

Helena DE CARLOS

1.

No libro oito remontámolo río  
co ritmo mesto da néboa sucamos un mundo  
que finximos novo. Compomos xa estampas  
para o recordo, Hernán Cortés, a irrespirable  
exuberancia da natureza, pero nós  
fixémolo moito antes e imos abrindo o día  
navegando, mesmo as árbores que aínda  
non puidemos nomear semellan  
ter temor de nós. Con man segura  
o rauda sol que traspasa o manto verde  
arranca fulgores dos escudos que empuñamos  
e que antes de partir, na ribeira,  
bruníramos teimudos por deber  
e polo esconxuro  
de escuros sentimentos que nos apreixaran.  
Embargados de responsabilidade  
perante as cousas sen facer, perante  
os mesmos alicerces do que  
chegar á latitude da ruína, podemos por uns intres  
escoitar a lingua pesada do río,  
as súas palabras. E sabemos que nos agardan  
e que están de romaría  
e que son primeiros, pero en proporción  
felices nos seus cultos celebrados ó abeiro  
do horror. E cara a eles diriximos  
a nosa balsa.

2.

O libro está xa escrito, sobriamente  
medido en hexámetros perfectos, nada resta.  
Nada engadiríamos por falar  
de como Evandro dirixía cos ministros  
o culto de Heracles, de como vestían pelexos  
de agre arrecendo para evocar  
o tempo do heroe. De como afastaban  
dos seus a súa súbita ira  
a forza de repetir aquela historia de Caco.  
E viñan uns vestidos de bois, con  
grandes cornos  
e finxían que Caco os agochaba na cova  
tirándolles do rabo, e así  
burlaban a perspicacia do heroe, que no fondo  
sempre lles parecera unha forza elemental.  
Tamén eles enchían a noitiña cos seus berros  
e cos muxidos das vacas, que imitaban,  
e cos bramidos de Heracles,  
na base de toda a festa quedaba un certo

gusto de ironía  
baixo a aparencia da veneración.

### 3.

Arriban á praia e agora os escudos  
brillan como o día enviando sinais ós catro  
puntos, e os homes primitivos  
sáenlles ó encontro representando  
o seu papel.

Todo o que eu podo dicir  
non deixa de ser comentario, notas  
do que o poeta  
escribira en anos que a min mesma  
se me fan escuros e afastados, tal vez  
tan primitivos como os que el imaxina  
baixo a súa civilización: somos  
por unha vez iguais. El ensaia  
a construción daquel tempo limiar  
na raíz da xesta que un día asoma  
ó pe do arco perfecto,  
eu vouno pescudando  
na herba das palabras,  
son quen  
de imaxinalo no cerne da creación,  
río arriba, escintilar do bronce  
e verde escuro da selva que transpira.

### 4.

Envéxoo. Tamén eu quixera  
ser recibida á beira do río  
polos irmáns de tempo atrás,  
polo meu pobo en festas. E iríamos  
camiñando trala procesión  
cara ás casopas de vimbio, humilde asento,  
demorando o camiño na fala vagarosa,  
amigos desde o reparto da mesa e do viño  
acedo. Era aquela a terra de Saturno  
e nada nese nome recendía a sangue.

### 5.

O tempo está gastado, aínda que finxa  
gardar un ritmo rufo, por veces mesmo  
precipitado, está claro que non pode ser  
ese mesmo tempo no que eles desenvolvían  
aquela vaga actividade de todo o recoller.  
Era o tempo sen usar da pura acción,  
o tempo tamén do relato, e este era novo,  
o tempo de abrir sempre os ollos, cando semellaban  
ter cada día algún aceno que estrear.  
E así dicían aprender das abellas,  
das que a xeito de átomos ardentes

na fronteira da sebe  
 percorrían o aire limpo de materia  
 espaxando a auga doce que logo chamaron saber.  
 Era o tempo do mediodía exacto  
 e de cando o verán é algo máis ca un fato  
 de horas preciso, máis ca un pendular do seixo;  
 só faltaba o asubiar do tren  
 coas carreiras todo ó longo da vía, e no rapto do silencio  
 a recollida da moeda perfectamente lisa  
 e escachada.

## 6.

Dos sentimentos. Situados neste tempo  
 e lugar, non é oportuno falar dos sentimentos,  
 simple anacronía.  
 Ó son da frauta de Pan bailan os nenos  
 finxindo ser paxaros, cisnes e garzas que beben  
 á tardiña, cando a lúa sae de detrás da xunqueira  
 e os sorprende en morno son, por veces  
 bicándose nas penas oleosas  
 que deitan perlas de luz no derradeiro serán.  
 Bailan as mulleres, e o ritmo  
 é un bater de soños, como de corpos de buxo  
 que sempre fixeran vibrar, para sempre  
 tépedo frescor do sangue. Bailan os homes  
 porque é día de festa e de imitar  
 danzas de nenos, paxaros e mulleres,  
 de se acoller ó precepto,  
 aínda sen sospeitar da dor  
 da cousa pública, de cando  
 todo se revira e non acorda  
 nin entra fiel no camiño  
 sinxelo que din ser da natureza.

## 7.

Os meus son actos todos eles meditados  
 baixo o peso diferente da luz que entra cada mañá  
 desde que as obras comezaron  
 e o mundo cambia de aspecto segundo a segundo.  
 Non podoo crer nos reis de branca barba,  
 tanta igualdade vista desde unha vida  
 que é a pura mutación, uns codesos  
 que onte aínda existían mais hoxe  
 xacen virados polo dente voraz  
 da escavadora, o camiño  
 que agora comeza detrás, pero ninguén tivo a vontade  
 de abrir na súa marcha.  
 E sen embargo algo me leva a pensar neste rei  
 de sinxela estampa. Máis ben  
 querería pensar no Tíber cando era un río  
 que non coñecía as artes da palabra,  
 cando era o curso caudal, mestas as augas,  
 e verde a sentenza da curuxa nas noites ribeiráns.

**8.**  
É un movemento tan fácil,  
a desesperación, e pouco recomendable  
nas escolas de pilotos e de novos soldados.  
Non podemos ceder á tentación do golpe  
de remo, á corrente favorable que nos invita  
a non arribar e seguir cara adiante,  
a prolongar o río ata os invernos.  
Ás veces é preciso facer parada,  
hai que chegar e asumir a terra,  
recoñecer o acerto da expedición,  
respirar a plenitude do seu senso.  
É preceptivo saudar un rei de barba branca,  
aturar o seu ollar de home cabal  
incrementar a consciencia da propia  
condición, pensar,  
tal é o prezo  
que debemos pagar polo suceso.